



### XUNTA DE GALICIA

#### DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO. XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

##### Anuncio

**Resolución do 19 de novembro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Baralla. (Expediente IN407A 2020-29AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2 Velle - Ourense
- Denominación: "RETRANQUEO RBTS RÚA ANXEL FOLE, Nº 211 (BARALLA)"
- Situación: concello de Baralla
- Características técnicas:
  - Liña de Media Tensión soterrada a 20kV, con orixe nun paso aéreo a soterrado proxectado no apoio existente de formigón da LMT CRG806, entra e sae no CT proxectado na Rúa do Toxal e remata nun empalme proxectado na LMTS CRG 806, cunha lonxitude de 42 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
  - CT en edificio prefabricado de maniobra interior ubicado na Rúa do Toxal, cunha potencia instalada de 400kVA, no cal se instalan tres celas de liña e unha de protección, relación de transformación de 20.000/400-230V.
  - RBT soterrada formada por sete circuítos, con orixe no cadro de baixa tensión do CT proxectado e final no enlace coas RBT's existentes, cunha lonxitude de 533 metros en condutor tipo XZ1.
  - RBT aérea formada por dous circuítos, con orixe nos pasos aéreos a soterrados proxectados e final na RBT aérea existente, cunha lonxitude de 65 metros en condutor tipo RZ.
  - Desmontaxe do CT Baralla-Colegio, da LMT aérea que o alimenta e de redes de baixa tensión.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 19 de novembro de 2020

Segundo a disposición Transitoria terceira do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Lugo, 19 de novembro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 3033

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA

### *Anuncio*

#### **ANUNCIO do 17 de novembro de 2020 da dirección de Augas de Galicia, de apertura do trámite de competencia de proxectos da modificación do aproveitamento hidroeléctrico no río Landro**

**(Clave expediente: 17/038/11)**

Polo presente anuncio, e de conformidade co sinalado pola sentenza do Tribunal de Xustiza de Galicia nº 444/2020 e co preceptuado nos artigos 104 e seguintes, entre outros o artigo 105.3, os parágrafos 3 e 5 do artigo 151 e o artigo 152, todos eles do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, Augas de Galicia procede a someter a competencia de proxectos a concesión hidroeléctrica, outorgada en execución de sentenza, o 12/03/2015 a Sociedad Lucense de Energía Hidráulica y Eólica, SL, para derivar un caudal de 1.370 l/s do río Landro, nos Concellos de Ourol e Muras, con destino á produción de enerxía eléctrica, así como a modificación formulada polo concesionario. A dita concesión foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 87, correspondente ao día 18/04/2015.

Os datos da solicitude de modificación da concesión mencionada son:

Nome e enderezo do peticionario: Sociedad Lucense de Energía Hidráulica y Eólica, SL

R/ Cantón Grande, 6, 6° A

15003 A Coruña

Destino do aproveitamento: Producción de enerxía eléctrica

Caudal solicitado: 1600 l/s do río Landro

1200 l/s do rego Coruxos (transvasamento ao río Landro).

Corrente de onde se derivan as augas: Landro e Coruxos

Corrente de onde se restituén as augas: Landro

Concellos onde radican as obras: Ourol e Muras (Lugo)

Esta tramitación efectúase, atendendo ás indicacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo os artigos antes mencionados do Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, comprendendo a competencia de proxectos a concesión coa modificación, para que no prazo dun (1) mes, a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, o concesionario presente instancia concretando a correspondente petición e o proxecto construtivo, que deberá comprender todas as infraestruturas e instalacións actuais e todos os elementos existentes no aproveitamento hidroeléctrico, co contido que marca o artigo 106.2 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, admitíndose tamén, durante este prazo, outras peticións que teñan o mesmo obxecto e en competencia con aquela.

Denegarase a tramitación posterior de toda petición que supoña unha utilización de caudal superior ao dobre do que figura máis enriba como petición base do concurso, de acordo co disposto no artigo 105 do RD 849/1986, sen prexuízo de que, o peticionario que o pretenda poida, dentro do prazo fixado neste anuncio para a admisión de peticións, acollerse á tramitación indicada no parágrafo 3 do antedito artigo 105, remitindo a súa petición na forma prevista no artigo 104 do RD 849/1986 e solicitando a paralización do trámite da solicitude publicada inicialmente. Á petición xuntará resguardo acreditativo do ingreso na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda e Administración Pública dunha fianza pola cantidade de 60.000 (sesenta mil) euros, para responder da presentación do documento técnico correspondente á súa petición.

Durante o prazo concedido para a presentación de propostas deberán presentarse as peticións e os documentos técnicos perante o rexistro dos servizos centrais de Augas de Galicia, en formato dixital e en formato papel, debidamente embalados nun único vulto; así mesmo en toda a documentación referenciarase a clave do

expediente que figura no encabezamento. A apertura pública dos arquivos electrónicos terá lugar transcorridos quince días dende a conclusión do prazo de presentación de peticións nas dependencias de Augas de Galicia, sitas na rúa Doutor Maceira, 18, baixo, de Santiago de Compostela.

Así mesmo, e de conformidade coa regulación establecida no artigo 152 do antedito Regulamento de Dominio Público Hidráulico, Augas de Galicia elixirá a petición de maior importancia e utilidade de acordo co disposto no artigo 60 do Texto refundido da lei de augas, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, reservándose ao concesionario o dereito de tenteo sobre a petición preferida. No caso de que o concesionario actual non utilizara o dereito de tenteo extinguirase de xeito automático a concesión actual e outorgarase a nova concesión a favor do peticionario elixido, quen deberá facerse dono das obras e instalacións xa executadas, con independencia de se vai facer uso delas ou non, abonando ao primitivo concesionario o seu importe.

Este anuncio, ademais da súa inserción no mencionado BOP de Lugo, será obxecto de exposición ao público nos taboleiros de anuncios dos concellos de Ourel e Muras, e na páxina web deste organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal> (na sección denominada Participación Pública).

Santiago de Compostela 17 de novembro de 2020.-A directora de Augas de Galicia, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3034

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

#### *Anuncio*

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2020, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación en réxime de concorrencia competitiva, dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no MERCADO DE NADAL 2020 organizado pola Área de Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

#### **SEGUNDA: PARTICIPANTES**

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroga e/ou substitúa.

A participación neste MERCADO DE NADAL 2020 está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

2.- Obradoiros de artesanía alimentaria da provincia de Lugo.

Considéranse artesanía alimentaria a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, cumprindo os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que, sendo respectuosas co medio ambiente, garantan ás persoas consumidoras un produto final individualizado, seguro desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciais, obtido grazas ás pequenas producións controladas pola intervención persoal da artesá ou artesán.

#### **TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.**

O mercado celebrarase na praza San Marcos, do 21 de decembro de 2020 ao 5 de xaneiro de 2021, (agás os días 25 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021) en horario de 11:00h. a 14:00h. e de 17:00h a 21:00h (o 24 e 31 de decembro de 2020 o horario de tarde será de 17:00h a 19:00h horas).

Estará formado por 14 casetas de 3x3x2,40m (medidas interiores), cada unha delas con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

Unha das casetas quedará reservada para obradoiros de alimentación que rotarán cada dous días ata un máximo de sete obradoiros.

Outra caseta dedicarase a unha pequena mostra de interiorismo en torno á decoración de mesa e agasallos para o nadal que integrará produtos seleccionados do propio mercado.

#### **CUARTA: CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN.**

As persoas interesadas en participar no MERCADO DE NADAL 2020 deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individual ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

Non se admitirán solicitudes conxuntas nas que se mesturen obradoiros artesanais e de alimentación.

Soamente se poderá presentar unha única solicitude por obradoiro.

En todo caso, aqueles obradoiros que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte dalgunha das persoas que solicitan a participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

Así mesmo, os obradoiros participantes comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

No contexto da actual crise sanitaria da COVID 19, o expositor comprométese a cumprir co protocolo sanitario vixente durante a celebración do mercado, velando pola súa propia seguridade e a do público en xeral que visite o seu posto.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O centrAD, da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do Mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación no MERCADO DE NADAL 2020 implica a aceptación total das presentes bases.

#### **QUINTA: CONDICIÓN PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO**

##### **Obradoiros da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia**

Os traballos de acondicionamento da caseta de cada expositor levaranse a cabo o domingo 20 de decembro de 2020 entre as 10:00h e as 20:00h horas. O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse entre o día 6 e o día 7 de xaneiro de 2021 antes das 14:00h

##### **Obradoiros de alimentación da provincia de Lugo.**

Os obradoiros de alimentación da provincia de Lugo deberán asegurar na súa caseta as necesarias condicións de limpeza, hixiene, e atención ao cliente.

A montaxe e acondicionamento da caseta terá lugar fóra do horario de apertura ao público do mercado.

A persoa/as que atendan o posto deberán estar en posesión do carné de manipulación de alimentos.

Debido as actuais circunstancias e por prescricións sanitarias non haberá actividades programadas no seu posto, nin estará permitida a degustación/cata no seu espazo. Non se permite a venda a granel, por copa/billa/chupito nin similares.

Sí se permite a entrega dunha mostra embolsada en formato individual, respectando todas as prescricións sanitarias, co fin de que os clientes potenciais poidan probar o seu produto.

Non se poderán almacenar, expoñer ou manipular materias perigosas, inflamables, explosivas, insalubres, ou que desprenderan cheiros desagradables en xeral, que poidan molestar a outros expositores ou público en xeral.

#### **SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As persoas interesadas en participar no Mercado de Nadal deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I , - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- a través do Rexistro Xeral na Sede Electrónica da Deputación-

**O prazo de presentación, por razóns de urxencia, será de 5 días naturais** dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso de selección para participar na mostra Mercado de Nadal 2020.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

#### **Documentación común para os dous tipos de obradoiros:**

1.-ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.-ANEXO II:

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptación en canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- COPIA DO NIF do solicitante.

#### **Documentación específica para os obradoiros artesanais.**

1.- Certificado de estar inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

2.- Carta de artesá/án

3.- Memoria técnica e descritiva dun máximo de 25 páxinas, que conteña os seguintes apartados:

3.a) Datos completos do artesán (datos persoais, nome comercial, número de rexistro da carta de artesán e do obradoiro rexistrado, dirección, teléfonos, enderezo electrónico, web e redes sociais)

3.b) Currículum ou biografía donde se describa a súa formación e traxectoria profesional incluíndo as referencias do seu traballo en prensa, revistas especializadas ou outras publicacións, así como a súa presenza en Internet (web ou redes sociais)

3.c) Descrición do proceso produtivo acompañada dunha secuencia de imaxes en pequeno formato mostrando a transformación da materia prima ata o produto final.

3.d) Detalle das materiais e ferramentas empregadas

3.e) Relación detallada dos produtos que se poñerán a venda na feira.

3.f) Fotografías xerais e de detalle dos produtos onde se poida apreciar a súa calidade.

3.g) Fotografía do posto montado anteriormente ou proposta de montaxe.

#### **Documentación específica para os obradoiros de alimentación:**

1.- Certificado de Rexistro Sanitario

2.- Carné de manipulador de alimentos

3.- Memoria técnica e descritiva dun máximo de 20 páxinas, que conteña os seguintes apartados:

**3.a)** Datos completos da empresa (nome comercial, datos do xerente, datos persoais do responsable do proceso de produción, dirección, teléfonos, enderezo electrónico, web e redes sociais)

**3.b)** Traxectoria da empresa donde se describa a súa experiencia e antigüedad, os lugares donde comercializa os seus produtos, as feiras e outros eventos nos que teña participado, así como a repercusión que puidese ter na prensa especializada ou nos medios de comunicación xeneralistas.

**3.c)** Descrición da materia prima, procesos de elaboración, volume de produción e temporada.

**3.d)** Relación detallada e fotografías dos produtos que se poñerán a venda na feira.

**3.e)** Fotografía do posto montando noutros mercados ou proposta de montaxe.

#### **SÉTIMA: SELECCIÓN**

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes onde unha Comisión de selección valorará as solicitudes presentadas, emitindo o Centrad unha proposta de resolución das persoas admitidas para participar no Mercado de Nadal.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros (rexerase segundo o establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público):

#### **PRESIDENTE**

Francisca López López, Coordinadora Responsable II do Centro de Artesanía e Deseño

#### **SECRETARIO**

A Secretaria da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.

#### **VOGAIS**

María Isabel Somoza García, Representante do Sector Artesanal Lucense

Marcelino Castro Pena, Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia

Laura Vázquez Janeiro, Bióloga do Centrad.

#### **Vogais Suplentes**

Daniel Fernández Gómez, Administrativo do Centrad.

M<sup>a</sup> Soledad López de Andrés, Atención ao cidadá do Centrad.

A selección dos participantes na mostra farase con base nos criterios que se expoñen a continuación:

#### **Obradoiros artesáns:**

1.- Calidade do produto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas e a disciplina na que ten a carta de artesán, valorando o traballo de conceptualización e deseño de produto. Nivel de transformación da materia prima, acabados e presentación final, coherencia das coleccións, evolución e mellora do traballo respecto a edicións pasadas, se é o caso) de 0 a 10 puntos

2.- Calidade da memoria descritiva (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas, valorando a presentación, maquetación e claridade na exposición de contidos) de 0 a 5 puntos.

3.- Antigüidade da Carta de Artesá/artesán ( na data de finalización de presentación de solicitudes)

a. Menor o igual a 5 anos → 2 puntos

b. Máis de 5 anos → 5 puntos

4.- Ter o Obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

a.- Cunha antigüidade menor ou igual a 5 anos - 2 puntos

b.- Cunha antigüidade maior de 5 anos - 5 puntos

5.- Presenza en feiras e eventos de artesanía para profesionais de 0 a 3 puntos

6.- Premios e recoñecementos en certames e concursos para profesionais

a.- De ámbito internacional - 5 puntos

b.- De ámbito nacional - 4 puntos

c.- De ámbito autonómico - 3 puntos

**7.- Innovación técnica:**

- a.- Utilización de novas técnicas na disciplina → 3 puntos
- b.- Incorporación de novos materiais na disciplina - 3 puntos

**8.- Deseño verde:**

- a.- Emprego de materiais autóctonos – 3 puntos
- b.- Emprego de materiais con certificación ecolóxica – 2 puntos
- c.- Emprego de materiais reciclados – 2 puntos
- d.- Reutilización de materiais – 2 puntos

**9.- Identificación coa zona de procedencia e elaboración do produto**

- a.- Por ser oficio tradicional – 5 puntos
- b.- Por ser reprodución de pezas do patrimonio artístico e arquitectónico de Lugo – 5 puntos
- c.- Por reflectir na súa forma ou decoración a cultura popular propia da zona- 3 puntos
- d.- Por reflectir na súa forma ou decoración conceptos xerais da cultura galega – 2 puntos

**10.- Difusión e Implantación en Internet**

- a.- Páxina web con dominio propio → 5 puntos
- b.- Tenda en liña propia – 2 puntos
- c.- Perfil profesional e presenza da marca nas redes sociais – 1 puntos

**11.- Deseño do posto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas) → de 0 a 5 puntos****Obradoiros de alimentación:****1.- Tamaño do obradoiro:**

- Una soa persoa ao fronte do obradoiro – 5 puntos
- Dúas persoas con dedicación plena – 3 puntos
- Tres persoas con dedicación plena – 1 punto

**2.- Antigüidade: 1 punto por cada ano de presenza no mercado dos produtos presentados.****3.- Utilización de ingredientes locais (nun mínimo do 50%)**

- Propios da zona – 3 puntos
- Propios da comarca – 2 puntos
- Da Provincia – 1 punto

**4.- Certificación de produto ecolóxico - 1 punto****5.- Imaxe de marca: envasado e presentación do produto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas) - de 0 a 5 puntos****6.- Implantación do produto no mercado en establecementos *gourmet* - 3 puntos****7.- Identificación coa zona de procedencia - de 0 a 3 puntos****8.- Adaptación ao contexto da Campaña de Nadal**

- Produtos doces 2 puntos
- Elaboracións tipo *gourmet* 1 punto

**En caso de empate na puntuación, terán preferencia utilizando por orde os seguintes criterios:**

1º.- O obradoiro que tivese unha maior puntuación no punto 1 sobre a calidade do produto no caso dos obradoiros artesanais e no punto 2 sobre a antigüidade no mercado, no caso dos obradoiros de alimentación.

2º As disciplinas ou especialidades, que no seu caso, tivesen menos representación, co fin de lograr unha oferta máis equilibrada da mostra.

Con base ós criterios expostos, o órgano instructor, Centro de Artesanía e Deseño, propondrá a resolución e comunicación da listaxe ordenada de obradoiros seleccionados á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas adxudicatarias seleccionadas de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, a comisión de selección cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias que a tal efecto elaborará a comisión de selección.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

Unha vez comunicada a selección dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

#### **OITAVA: CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA**

A cantidade destinada para a convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2020, da Área de deportes, artesanía e deseño e memoria histórica da Deputación de Lugo, será de dezasete mil cincuenta euros (17.050 €).

#### **NOVENA: Protección de datos de carácter persoal.**

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.



<b>ANEXO I</b>		
<b>SOLICITUDE INDIVIDUAL EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2020 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA</b>		
<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>		
APELIDOS E NOME:		NIF:
SOLICITO UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX 20 DÍXITOS) :		RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA
REPRESENTANTE LEGAL		NIF
ENDEREZO		CP
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO		FAX
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
ENDEREZO		
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO/S	E-MAIL	
<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>• <b>SOLICITO A CESIÓN DUN POSTO DE 3x3x2,40 M(medidas interiores)</b></li> </ul>		

Asdo.:

En ..... a... de ..... de 2020

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

<b>ANEXO I <sup>bis</sup></b>		
<b>SOLICITUDE CONXUNTA EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2020 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA</b>		
<b>DATOS DO SOLICITANTE 1</b>		
APELIDOS E NOME:	NIF	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA
REPRESENTANTE LEGAL		NIF
ENDEREZO		CP
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO		FAX
<b>DATOS DO SOLICITANTE 2</b>		
APELIDOS E NOME:	NIF	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA
REPRESENTANTE LEGAL		NIF
ENDEREZO		CP
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX
<b>SOLICITAMOS A CESIÓN DUN POSTO de 3X 3x 2,40m (medidas interiores)</b>		
<b>SOLICITAMOS UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX. 20 DÍXITOS):</b>		

Asdo.:

En ..... a... de ..... de 2020

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2020 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**D/D<sup>a</sup>\_\_\_\_\_ con NIF\_\_\_\_\_na condición de:  TITI II AR  REPRESENTANTE

do Obradoiro artesán\_\_\_\_\_ con NIF\_\_\_\_\_

Correo electrónico\_\_\_\_\_Teléfono\_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

Concello\_\_\_\_\_Provincia\_\_\_\_\_C.P.\_\_\_\_\_

**DECLARO RESPONSABLEMENTE** que de resultar seleccionado/a para participar no MERCADO DE NADAL 2020:

Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporsto coa solicitude.

Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.

Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.

Que a persoa física ou xurídica:

a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).

b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.

c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP

E para que así conste, asino en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

Sinatura:

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS**

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da selección dos artesáns e artesás do Mercado de Nadal 2020

Lexitimación: RGD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

Lugo, 27 de novembro de 2020.- O presidente, firma delegada P.D. decreto de 20/07/2019, Pablo Rivera Capón, A secretaria, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3035

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Becerreá na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2020 aprobou o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable deste concello co apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao amparo da Orde do 5 de maio de 2020, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (Expediente núm.: 517/2020).

O documento pódese consultar na web do Concello (<http://www.concellobecerrea.es>) e/ou na súa sede electrónica <https://concellodebecerreaselectronica.gal/>.

Ao abeiro co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno, faise público para coñecemento xeral.

Becerreá, 27 de novembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3036

#### *Anuncio*

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 24/11/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 25/01/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 25 de novembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3037

## BÓVEDA

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

##### **Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, sumidoiros, lixo e canon da auga do 1º trimestre do exercicio 2020.**

Por Resolución da Alcaldía de data 25 de novembro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, sumidoiros, lixo e canon da auga, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o día 1 ao 30 de decembro de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 25 de novembro de 2020.-O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3038

## CERVO

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 25 de novembro de 2020, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de outubro de 2020 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 5º Bimestre de 2020 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 11 de decembro de 2020 ata o 15 de marzo de 2021. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

---

Cervo, 25 de novembro de 2020. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3039

---

## CHANTADA

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 25/11/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro do 2020 terá lugar neste municipio dende o día 26 de novembro de 2020 ata o día 25 de xaneiro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 26 de novembro de 2020.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3040

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 26/11/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a novembro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes novembro 2020 terá lugar neste Municipio dende o día 26 de novembro de 2020 ata o día 25 de xaneiro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 26 de novembro de 2020.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3041

---

## FRIOL

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o 26 de novembro do actual, prestou aprobación ao Plan de Acción para o Clima e a Enerxía (PACES). De conformidade ao disposto na Lei 19/2013 de Transparencia e acceso á información pública e bo goberno, así como á normativa autonómica Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, faise público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Friol, 26 de novembro de 2020.-O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 3042

---

## MURAS

### Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos no Concello de Muras.

A o non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo do Pleno celebrado o trinta de setembro de 2020 aprobatorio da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos no Concello de Muras, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### ORDENANZA FISCAL, REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

#### Artigo 1.-Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Muras establece a taxa pola expedición de documentos administrativos, a que se refire o Artigo 20.4.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo cal se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes dos que entenda a Administración ou as autoridades municipais.
2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou beneficiario aínda que este non o solicitase.
3. Non estarán suxeitos a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

#### Artigo 3.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

#### Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os Artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o Artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 5.- Base imponible

Constituirá a base imponible da presente exacción a natureza dos expedientes a tramitar e documentos a expedir.

#### Artigo 6.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo cas tarifas que conteñen os apartados seguintes:

<b>1.- PADRON HABITANTES</b>	
1.1- Calquera certificación do padrón de habitantes	3,00€
<b>2.- CERTIFICACIÓNS E CONSULTAS</b>	
2.1- Certificados de acordos adoptados polos Órganos de Goberno	12,00€
2.2- Certificados signos externos	3,00€
2.3- Certificados Negociado Rendas e Exaccións	3,00€
2.4- Certificacións expedidas polos distintos negociados e servizos e non contempladas no presente epígrafe	15,00€



<b>3.- SERVIZO DE URBANISMO</b>	
3.1- Certificación urbanística ordinaria	100,00€
3.2- Certificación urbanística con fins de regularizacións catastrais	50,00€
3.2- Por copia de planos existentes na oficina de Urbanismo, tamaño folio ou inferior	0,10€
3.3- Por copia de planos existentes na oficina de Urbanismo, tamaño A-3	0,20€
3.4- Certificacións autorizacións segregacións de parcelas	300,00€
3.5- Por cada certificación e informe expedido polo servizo de Urbanismo e non contemplado nos puntos anteriores	100,00€
3.6- Informe de inspección inicial e informe de inspección final de comprobación do estado das vías municipais nas labores de transportes especiais con vehículos pesados (sacas de madeira, transportes de pezas eólicas,...); serán feitas as inspeccións necesarias ata que a vía sexa repostada ao estado inicial.	100,00€/ por cada inspección
<b>4. SERVIZO CATASTRAL</b>	
4.1- Certificación descritiva e gráfica URBANA	6,00€
4.2- Certificación descritiva e gráfica RÚSTICA: ata 5 lindeiros (a partires de 6 lindeiros, incrementarase 1,00€/lindeiro)	6,00€
4.3- Certificacións literais de referencia catastral urbana ou rústica	3,00€
4.4- Por cada copia de plano do catastro, tamaño folio ou inferior	0,10€
4.5- Por cada copia de plano do catastro, tamaño A3	0,20€
4.6- Calquera outra certificación descritivas e gráficas do Punto de información catastral	3,00€
<b>5. SERVIZOS XURIDICOS, CONTRATACIÓN, SECRETARIA</b>	
5.1- Bastanteo de poderes	50,00€
5.2- Certificado boa execución de traballos/contratos/servizos realizados ao Concello	30,00€
5.3- Certificado expedido polo negociado de contratación e non contemplado nos puntos anteriores	20,00€
5.4- Expedición de documentos xustificativos cambio de titular de licenzas, rectificación de nomes ou de condicións da mesma a pedimento de parte	15,00€
<b>6. OUTROS</b>	
6.1- Fotocopias de documentos alleos, tamaño folio ou inferior	0,10€/folio
6.2- Fotocopias de documentos alleos, tamaño A3	0,20€/folio
6.3- Por cada páxina enviada por fax	0,10€
6.4- Por cada folio fotocopiado de documentos ou expedientes, realizado a pedimento de parte	0,10€
6.5- Taxas exame (excepto desempregados previa xustificación)	6,00€

**Artigo 7.- Retribución**

A taxa retribúese e nace a obriga de contribuír ao entregarse a solicitude de expedición dos documentos e tramitación de expedientes suxeitos ao tributo.

**Artigo 8.- Liquidación e recadación**

Esta taxa liquidarase cumprimentando o modelo correspondente e ingresando o importe nas dependencias municipais do Rexistro Xeral, que deberán estampar o selo xustificativo do pago, e dar copia ao administrado.

**Artigo 9.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas lles corresponde en cada caso, estarase ao disposto nos Artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

**Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e aplicarase a partir do día da súa entrada en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Muras, 27 de novembro de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3043

---

*Anuncio*

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construción, instalacións e obras no Concello de Muras.

A o non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo do Pleno celebrado o trinta de setembro de 2020 aprobatorio da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos no Concello de Muras, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**ORDENANZA FICAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE MURAS****Artigo 1.-Natureza e fundamento.**

De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real decreto legislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Muras establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos termos regulados na presente Ordenanza.

**Artigo 2.-Feito Impoñible.**

Constitúe o feito impoñible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, presentáranse ou non, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello. Os actos de edificación e usos do solo que requiran licenza ou presentación de comunicación previa son os previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na normativa que a desenvolve.

Quedan tamén incluídas no feito impoñible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado anterior, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

**Artigo 3.-Exencións.**

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa propietario o Estado, as Comunidades autónomas ou as Entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

**Artigo 4.-Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas ou as entidades locais do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan propietarios da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. Aos efectos previstos neste artigo terá a consideración de propietario da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou presenten a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

**Artigo 5.-Base imponible, cota, tipo de gravame e devengo.**

- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construcións, instalación ou obra.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

- O tipo de gravame será progresivo segundo a base imponible indicada na seguinte táboa.

IMPORTE DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	TIPO DE GRAVAME
Ata 100.000,00 €	1,00%
De 100.001,00 a 300.000,00 €	2,00%
De 300.001,00 a 400.000,00 €	3,00%
De 400.001,00 en adiante	4,00%

- A obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data da resolución.

**Artigo 8.-Normas de xestión.**

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e a edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que se acompañen a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, nos termos do artigo 11 da presente ordenanza fiscal.

2. Os suxeitos pasivos que inicien a construción, instalación ou obra e non tiveran presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tiveran concedida aínda a licenza preceptiva teñen a obriga de presentar, no prazo máximo dun mes, a contar dende o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar a esta administración a correspondente liquidación provisional a conta.

3. A base imponible para a autoliquidación e liquidación do imposto, determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, salvo que se estime que o presentado é manifestamente inferior ó custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, en cuxo caso farase a determinación da base imponible atendendo os custos reais de execución material determinados polos servizos técnicos municipais en base ós prezos medios de mercado.

4. O procedemento de xestión do tributo será diferenciado, así:

a) Réxime de autoliquidación:

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construción, instalacións e obras para cuxa realización se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Así, o suxeito pasivo está obrigado a presentar xunto ca declaración responsable ou comunicación previa, a autoliquidación no modelo normalizado facilitado polo Concello e o xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante. No suposto de que na autoliquidación presentada se detectaran erros aritméticos, formais ou de aplicación dos elementos determinantes da base impositiva ou do tipo de gravame a Administración tributaria poderá ditar unha liquidación complementaria modificando a citada autoliquidación.

No caso de que a corresponde declaración responsable ou comunicación previa non obtivera o visto bo, e se deixará sen efecto en aplicación do procedemento establecido no artigo 26 da Lei 9/2013 de emprendemento e competitividade económica de Galicia, os suxeitos pasivos terán dereito a devolución das cotas satisfeitas, previa solicitude.

b) Réxime de liquidación de ingreso directo:

Establécese o réxime de liquidación de ingreso directo para o suposto de realización de construción, instalación e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística. Cando se conceda a licenza preceptiva, practicarase unha liquidación provisional que será notificada ao suxeito pasivo para o seu pago nos prazos fixados pola lexislación tributaria.

Este mesmo réxime será o aplicable para os supostos de que a realización de construción, instalación e obras derive do cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión.

5. O pagamento da autoliquidación presentada ou modificada ou da liquidación provisional aprobada terán carácter provisorio e serán a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez realizadas as construción, instalación ou obras. Así, unha vez rematadas estas, e tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado primeiro deste artigo, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte.
6. No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito a devolución das cantidade, que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobor de instalación, construción e obras, sempre e cando formule renuncia expresa a licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito a devolución do ingresado logo da renuncia expresa a realización das obras nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

#### **Artigo 9.-Bonificacións.**

Para os efectos do disposto no artigo 103 do Real decreto lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécense as seguintes bonificacións:

- Unha bonificación de ata o 50 por cento a favor das construcións, instalación ou obras referentes a vivendas de protección oficial.  
A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase a cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior.
- Unha bonificación de ata o 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras en edificios ou vivendas comunitarias, que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados en zonas de uso común, extremo que será apreciado polos servizos técnicos municipais.
- Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

#### **Artigo 10.-Inspección e recadación.**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

#### **Artigo 11.-Infraccións e sancións.**

A cualificación das infraccións tributarias e a determinación das sancións que polas mesmas correspondan, rexerá polo disposto na Lei xeral tributaria e disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

**Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras deste Concello.

**Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e aplicarase a partir do día da súa entrada en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Muras, 27 de novembro de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R.3044

**PEDRAFITA DO CEBREIRO***Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO 2020**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de novembro de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro 2020, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de outubro : 4179,6 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de decembro de 2020 e o 01 de marzo de 2021. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro 23 de novembro de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3045

**RIBADEO***Anuncio***Aprobación, exposición pública do Padrón dos dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2020 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data 25 de novembro de 2020, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa de dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2020, polo importe de oitocentos dez euros (810,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 15 de decembro de 2020 e o 15 de febreiro de 2021, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de

exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 26 de novembro de 2020.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 3046

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30/2020. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 24/11/2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 30/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, pola cantidade de 5.100,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 1 de decembro de 2020.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3071

---

**RIBEIRA DE PIQUÍN**

*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 02/12/2020, aprobou inicialmente o orzamento para o exercizo económico 2021, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o referido exercizo; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Ribeira de Piquín, 2 de decembro de 2020.- O Alcalde Roberto Fernández Rico.

R. 3092

---

**O SAVIÑO**

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019**

Formulada a Conta Xeral do Concello de O Saviño correspondente ao exercicio 2019, integrada polas contas e estados a que fai referencia o art. 209.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, TRLFL, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 1 de decembro de 2020, exponse ao público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, polo prazo de 15 días, durante os cales, e 8 máis, os interesados/as podan presentar reclamacións, reparos ou observacións, de conformidade co disposto no art. 212.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, TRLFL.

O Saviño, 1 de decembro de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3072

---

## CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela a transferencia de crédito nº2/2020 entre diferentes áreas de gasto, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello de Cervo, sede do Consorcio, por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Presidente do Consorcio.

Cervo, 1 de decembro de 2020.- A Presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3073

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

### *Anuncio*

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDAS POR ASOCIACIONES SOCIAIS DO CONCELLO DE BURELA NO EJERCICIO 2020

BDNS (Identif.): 536633

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/536633>)

Primeiro. Beneficiarios:

Asociacións existentes no concello de Burela, legalmente constituídas e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos de la inscripción debidamente actualizados no momento de solicitar a aportación.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2020, destinadas a promover actividades das asociacións sociais e asistenciais do concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publicaranse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

14.400,00 €

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

BURELA, 1 de decembro de 2020.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 3070

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

**Expediente: A/27/27267**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 01 de septiembre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Jeremías Fernández Calvo y M<sup>a</sup> Inés González Porto,

---

la oportuna concesión para aproveitamiento de 0,3 l/s de agua procedente del pozo do Agro, en el lugar de Nandulfe, parroquia de Pedrafita (Santa Baia), término municipal de Chantada (Lugo) para riego de 0,14 has.

Lugo, 13 de novembro.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3047

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/27651**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 14 de septiembre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ramón Jesús Lamelo Otero, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,102 l/s de agua procedente de un pozo sito en el lugar de Cabanas, parroquia de Moreda (San Salvador), en el término municipal de Monforte de Lemos (Lugo) para riego.

Lugo, 13 de novembro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3048

---